

Xestionado por [Vieiros](#)

CARTA DUN LECTOR

Eu falo galego... e Deus tamén

Forza gráfica contra a imposición dos que, agochados nunha falsa tolerancia, atacan o galego.

Redacción - 10:30 02/10/2009

A discusión sobre a presenza do galego nos diferentes ámbitos sociais non é nova. O escritor e doutor en Teoloxía, Victorino Pérez xa defendía, hai máis de vinte anos, o uso do noso idioma en eidos tan remisos como o da igrexa católica. O que fora director da revista *Irimia* entre 1981 e 1983 e membro do Consello de Redacción da publicación de pensamento cristián *Encrucillada*, debuxaba entón este gráfico no que alentaba aos crentes a falar, como Deus, en galego.

Agora, nestes momentos "nos que a reacción contra o galego amosou os seus dentes, a súa realidade de lobo baixo a pel da ovella dunha falsa tolerancia", Victorino Pérez acheganos este, máis que nunca, actual cartaz.